



a f r a t o r r a d o

a l l o

a f r a t o r r a d o

I

abrín a porta
e ollei como durmías
coa calma da que non lle teme á noite

roubeiche os pantalóns
nesta mañá de novembro
para ir buscar o almorzo con ansias de voltar

o cuarto é branco,
estático.

a luz entra
limpa.

II

a casa baleira chora.

estas son as sabas que habitaches
e só queda o eco nas paredes
do choro
que intuía o verde
sen saír.

I

o meu brazo esténdese
e permanece

suplícoche
que quedes
rezas por quedar

ando roldando
como gata en celo

sinto a febre:
podes ti curar esta febre?

pode esta febre sucumbir
ao xeo das túas mans?

pode o xeo evitar derreterse a este contacto febril?

arrédome
na carne.

II

soñei cun corpo que non era o meu
arredábame na súa carne

deixoume,
suavemente
nun leito de silvas
e fuxiu cara o monte.

soñei cun corpo que non era o meu
eran todos os corpos que puiden ser e non fun

son débil
e estou sedenta.
sento á beira do mar
e bebo outros corpos que non serán máis.

a resurrección da carne será azul

cando a luz de neon
decrépita
ilumine a miña cara ao espertar

as moscas roldarán a tarta de mazá
podre

un corpo ao meu lado:
no seu rostro podó verte.

arríncame o estómago
coas tenaces
da que ve perigar o monte,
da que non ve máis aló
de dous palmos de area

dilato tempos
para non emprender a viaxe

mórdeme
inmobilízame
átame a esa árbore

alta coma o medo.

que a terra me cubra
cando sexa demasiado tarde
para fuxir

sinto o xerme
brotar na neve

entre polucións
canceríxenas

non falo de afecto

falo de afecto cando falo
dun camiño en liña recta

(...)

hai corvos.

pozas nas que reflectir
o porvir da cidade sen ti:
súplica.

igual apareces
coma unha pomba no asfalto
morta

hai moita xente

intento lembrarte
e só consigo reparar
nos teus xerseis no meu armario
e os libros polo chan.

son unha kamikaze
camuflada entre as liñas
do esperpento
que define a legalidade

xuro que vou arrincarme o peito
vou agarrarme así,
forte
e despegar a pel dos ósos

xuro que vou arrincarme o peito
vou agarrarme a ti
para que entendas a dor
da que non pensa en máis que
en arrincarse.

I

recollerasme
sucia e rota
nunha mañá de inverno
coa pel quebrada
e os ollos secos

II

entrégome así a ti:
rota e fráxil
nesta noite
entre bambú brillante.

III

mórdeme por dentro
para que o sangue
saia por fóra
nun mar inmenso

(medo é, probablemente,
a palabra máis sincera
que podo escribir agora)

transformarme en granito
e non caer
nunca máis

este é o último desexo
do corpo feble
que presencia o achegamento do cantil

repousar
nunha praia:

centrar as ondas no medio da memoria.

inmolarei o meu corpo
no medio do monte:

un burato estéril

unha imaxe:

a suavidade da pel
que xace rendida
nun campo de papoulas
sen espiño

olla para min:
da boca sáelle azul

o manifesto
dun novo afecto:

a vitoria.

levabas xersei branco
e corrías pola area a pasos pequeniños
eu agardaba sentada nunha rocha
pensando no azul
da tregua.

chove cando cadra
por exemplo agora
e volvemos a casa.

levo o **allo** tatuado baixo a pel
é unha imaxe tan real que doe

arrédaseme
atravesa o sangue
e fura o pulmón
nun ataque de dor
viscosa e lenta

parálzame

quero fuxir
e ninguén fala diso
ninguén fala:
ninguén

e nun instante comprendo
que é quedar e resistir.

traspasar os liques,
fuxir de aquí
despois do golpe
que sempre me paraliza

ti sempre esquivas
eu sería quen de tirarme ao río

o golpe chega rápido
e persiste
e agroma
na pedra

ti sempre esquivas
eu quedo reparando na pel

ti sempre esquivas:
a pedra permanece.

sobrevivimos ao desgaste
por resistir

amencimos no monte
rodeadas de espiño
e pel rota

cravábanse coma puntas oxidadas
ao que fora coiraza

as bágoas xuntándose
coa suor da dor
nerviosa.

ti
contés o necesario
para doerme

corpo de beleza punzante
que desde lonxe esgaza a pedra
que me sostén

pel rota
pola que saen todos os monstros
da besta que xace
nesta planicie de espiño.

Bonus track:

e s p i ñ o

I

amencer no monte
coa pel rota
rodeada de espiños

mamá fala diso
da crueldade das puntas oxidadas
que se cravan ao que fora coiraza

en secreto

coma quen fai a equipaxe para fuxir
clandestina
así:

alerta
afiamos coitelos de pau

coas fiestras abertas óese todo

II

para os demáis hai boca

III

a historia foi moitos anos atrás
cando aínda non había cables de alta tensión
nin antenas
nin eucaliptos

a historia perdeuse
e foi morrer ao mar

ellas falan
da crueldade do home
e seguen arrolando nos seus brazos
aos que aínda non se mancharon

co sangue que cobre este coitelo que roubei
nunha mañá nacarada.

